



**CONCELLO DE
OLEIROS**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

23 de abril de 2019 ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello

Asistentes

Preside: D^a M^a José Varela Neira, 1^a Tenente de Alcalde.

Vocais.:

- D^a Sandra Fernández Fernández
- D. Marcos Veiga Rodríguez.
- D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello.
- D. Jacobo Molina Saenz, Interventor Accidental do Concello.

Secretario da Mesa: D. José Manuel Díaz García.

Están tamén presente como técnicos asistentes:

- D. Ramón E. Martín Palma, Coordinador do departamento de Servizos Municipais.
- D. Anxo Barreiros de la Torre, pedagogo municipal.
- D^a Élida Rodríguez Ferreño, animadora socio-cultural.

Orden do día

- 1.- 2019/CONTRAT/000037: Servizo de transporte para os usuarios do programa “Ven e Descubre 2019”
- 2.- 2019/CONTRAT/000014: Servizo de limpeza das escolas infantís “A Pardela”, “As Galeras”, “A Canteira” e “A Braña” 2019-2020”
- 3.- 2019/CONTRAT/000025: Programa de apoio a persoas coidadoras 2019-2020
- 4.- 2019/CONTRAT/000002: Subministración de materiais de carpintería.
- 5.- 2019/CONTRAT/000020: Servizo de transporte dos participantes e responsables do programa de actividades municipais educativas.

EXPONSE:





**CONCELLO DE
OLEIROS**

1.- 2019/CONTRAT/000037: SERVIZO DE TRANSPORTE PARA OS USUARIOS DO PROGRAMA “VEN E DESCUBRE 2019”

Por Resolución nº 2019001277, de 4 de abril de 2019, aprobouse o expediente administrativo para a licitación deste contrato, por medio de procedemento aberto simplificado sumario.

O importe da licitación é de 18.997 € (10% IVE engadido) e o seu prazo de execución é ata o 31 de decembro de 2019, sen posibilidade de prórroga.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 4 de abril de 2019

Rematado o día 22 de abril de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

<u>Nome da empresa</u>	<u>Data e hora de presentación da oferta</u>
AUTOS CAL PITA, S.A. – AUTOMÓVILES SIGRÁS-CARRAL, S.A.; U.T.E.	22-04-2019 13:30

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico “ÚNICO” presentado polos licitadores.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta.

Así, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Admitir ás empresas presentadas a esta licitación

De seguido, a Mesa continúa, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, coa comprobación da documentación correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no anexo XII do prego de cláusulas administrativas.

Así, resulta que o licitador admitido presenta a seguinte oferta:





**CONCELLO DE
OLEIROS**

SOBRE ÚNICO	CAL PITA SIGRÁS-CARRAL U.T.E.
OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	16.599,00 €
MEDIA ANTIGÜIDADE VEHÍCULOS	Non presenta
MELLORAS OFERTADAS Sistema comunicación interno..... Megatonía interior..... Corredor interior continuo..... Certifica. UNE-EN13816:2003..... Sist. Xestión calidade ISO 9001..... Xestión ambiental ISO 14001..... Sistem. Xestión Seguridade Vial ISO 39001...	Non presenta
% FORMACIÓN CONDUTORES En atención ao viaxeiro..... Prevenção riscos laborais..... Transporte persoas mobilidade reducida..... Tacógrafo dixital.....	Non presenta
% CONDUTORES EXPERIENCIA + 5 ANOS	Non presenta

A continuación, a documentación presentada polo licitador admitido é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación

Unha vez avaliada polo equipo técnico, este valorou a oferta admitida de acordo cos criterios do PCAP do seguinte xeito:

SOBRE ÚNICO PUNTUACIÓN	CAL PITA SIGRÁS-CARRAL U.T.E.
OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	20,00.-
MEDIA ANTIGÜIDADE VEHÍCULOS	0,00.-
MELLORAS OFERTADAS	0,00.-
% FORMACIÓN CONDUTORES	0,00.-
% CONDUTORES EXPERIENCIA + 5 ANOS	0,00.-
TOTAL	20,00.-





**CONCELLO DE
OLEIROS**

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro e único.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado “TRANSPORTE PARA OS USUARIOS DO PROGRAMA “VEN E DESCUBRE”” á U.T.E. formada polas empresas “AUTOS CAL PITA, S.A. – AUTOMÓVILES SIGRAS-CARRAL, S.A.” polo importe de 16.599,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**2.- 2019/CONTRAT/000014: SERVIZO DE LIMPEZA DAS ESCOLAS INFANTÍS “A PARDELA”,
“AS GALERAS”, “A CANTEIRA” E “A BRAÑA” 2019-2020**

Por Resolución nº 2019001301, de 4 de abril de 2019, aprobouse o expediente administrativo para a licitación deste contrato, por medio de procedemento aberto.

O importe da licitación é de 104.040,74 € (21% IVE engadido) e o seu prazo de duración será de un ano.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 4 de abril de 2019 e unha posterior corrección do 5 de abril.

Rematado o día 22 de abril de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	NIF	Data e hora de presentación da oferta
ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	A08175994	22-04-2019 17:47
INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L.	A33116062	22-04-2019 16.40
LIMPIEZAS SAN FROILAN, S.L.U.	B27257815	22-04-2019 17:23
MAGA LIMPIEZAS, S.L.	B15397078	18-04-2019 11:55
SACYR FACILITIES, S.A.	A83709873	22-04-2019 09:09

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta.

Así, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Admitir ás empresas presentadas a esta licitación

A continuación, en acto público ao que non se presenta ningún licitador, a Mesa continúa coa comprobación da documentación contida nos sobres nº 2 cuxa valoración depende dos xuízos de valor.

Así, resulta que tódolos licitadores presentan a documentación que consideran oportuna para que lles sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no anexo XI do prego de cláusulas administrativas particulares: proxecto de organización e funcionamento do servizo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro e único.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 denominados “Proposta suxeita a avaliación previa”, a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no anexo XI do prego de cláusulas administrativas particulares.





**CONCELLO DE
OLEIROS**

3.- 2019/CONTRAT/000025: PROGRAMA DE APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2019-2020

Por Resolución nº 2019001275, de 4 de abril de 2019, aprobouse o expediente administrativo para a licitación deste contrato, por medio de procedemento aberto simplificado.

O importe da licitación é de 25.586,00 € (10% IVE engadido) e o seu prazo de duración será desde a data de formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2019

O importe do contrato desagregase nos seguintes lotes:

Lote 1: “Descubriendo emociones” e “Coidando emociones”	11.528,00 €
Lote 2: “EstimulAcción”	12.628,00 €
Lote 3: “O paseo dos sentidos”	1.430,00 €

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 4 de abril de 2019 e unha posterior corrección do 5 de abril.

Rematado o día 22 de abril de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nombre de la Empresa	NIF	Fecha y hora de presentación de oferta	Nº lote
AFACO	G15538838	22-04-2019 10:51	1-2
ESPROADE, S.L.	B15664816	22-04-2019 17:45	3

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta.

Así, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Admitir ás empresas presentadas a esta licitación

De seguido, a Mesa continúa coa comprobación da documentación cuxa valoración depende dos xuízos de valor.

Así, resulta que tódolos licitadores presentan a documentación que consideran oportuna para que lles sexa valorada de conformidade cos criterios de adjudicación reflectidos no anexo X do prego de cláusulas administrativas particulares, é dicir: proxecto técnico.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro e único.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 denominados “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”, a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no anexo X do prego de cláusulas administrativas particulares.





**CONCELLO DE
OLEIROS**

4.- 2019/CONTRAT/000002: SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CARPINTERÍA.

Por Resolución nº 2019001216, de 29 de marzo do 2019, aprobouse o expediente administrativo para a licitación deste contrato, por medio de procedemento aberto simplificado.

O importe da licitación é de 36.300,00 € (21% IVE engadido) e o seu prazo de duración é de dous anos.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 2 de abril de 2019 e unha posterior corrección o 4 de abril.

Rematado o día 17 de abril de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	NIF	Data e hora de presentación da oferta
MADERAS LAMELAS, S.L.	B15061302	17-04-2019 14:40

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico “ÚNICO” presentado polos licitadores.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta.

Así, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Admitir á única empresa presentada a esta licitación

De seguido, a Mesa continúa, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, coa comprobación da documentación correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no anexo XIII do prego de cláusulas administrativas.

Así, resulta que o licitador admitido presenta a seguinte oferta:

SOBRE ÚNICO	MADERAS LAMELAS
OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	29.998,83 €
PRAZO DE ENTREGA	2-3 horas

A continuación, a documentación presentada polo licitador admitido é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación

Unha vez avaliada polo equipo técnico, este valorou a oferta admitida de acordo cos criterios do PCAP do seguinte xeito:





**CONCELLO DE
OLEIROS**

SOBRE ÚNICO Puntuación	MADERAS LAMELAS
OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	0,00.-
PRAZO DE ENTREGA	3,00.-
TOTAL	3,00.-

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro e único.- *Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de subministración denominado “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CARPINTERÍA” á empresa “MADERAS LAMELAS, S.L.” polo importe de 29.998,83 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.*





**CONCELLO DE
OLEIROS**

5.- 2019/CONTRAT/000020: SERVIZO DE TRANSPORTE DOS PARTICIPANTES E RESPONSABLES DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS EDUCATIVAS.

Por Decreto da Alcaldía nº 2019001158, de 27 de marzo de 2019 rectificado polo Decreto nº 2019001316, de 5 de abril e por Decreto 2019001397, de 10 de abril; aprobouse o expediente administrativo para a licitación deste contrato, por medio de procedemento aberto.

O importe da licitación é de 30.662,76 € (10% IVE engadido) e o seu prazo de duración é de un ano.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 4 de abril de 2019 e posteriores correccións o 5 e o 10 de abril.

Rematado o día 16 de abril de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	NIF	Data e hora de presentación da oferta
AUTOCARES ANTONIO VÁZQUEZ	A15039563	16-04-2019 17:26
AUTOCARES LUIS RAPOSO, S.L.	B15639149	15-04-2019 17:03
AUTOS CAL PITA, S.A. – AUTOMÓVILES SIGRAS-CARRAL, S.A. – IRUBUS, S.A.; U.T.E.	-----	15-04-2019 20:29

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta.

Así, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Admitir ás empresas presentadas a esta licitación

A continuación, a Mesa continúa, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, coa apertura da documentación contida no sobre ou arquivo electrónico nº 3 denominado “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”

Así, resulta que cada un dos licitadores presenta a seguinte oferta:





**CONCELLO DE
OLEIROS**

SOBRE Nº 3 CRITERIOS OBXECTIVOS		ANTONIO VÁZQUEZ	LUIS RAPOSO	CAL PITA SIGRÁS-CARRAL IRUBUS U.T.E.
OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)		24.768,86 €		24.246,24 €
obxecto	Prezo unitario máximo de licitación (IVA excluído)	Prezo unitario ofertado (IVE excluído)	<p>Non é posible abrir esta oferta.</p> <p>Ao intentar abrir a oferta aparece a mensaxe: "Este PDF está dañado" e, posteriormente, outra pantalla na que aparece estoutra mensaxe: "Adobe Acrobat Reader no pudo abrir "2019.CONTRAT.000020 Autocares Luis Raposo sobre 3.pdf" debido a que no es un tipo de archivo admitido o está dañado (por exemplo, se enviou como adjunto de correo electrónico y no se descodificó correctamente).</p>	Prezo unitario ofertado (IVE excluído)
Servizos grupo I				
grupo I	86,43 €	81,42 €		73,43 €
servizos grupo II				
a. Medio día, ata 5 horas				
0-50 km	120,89 €	100,89 €		100,89 €
51-100 km	141,22 €	121,22 €		121,22 €
101-200 km	181,88 €	131,88 €		131,88 €
201-300 km	210,00 €	200,00 €		190,00 €
b. Un día, de 5 a 13 horas				
0-50 km	263,18 €	213,18 €		213,18 €
51-100 km	283,52 €	243,52 €		243,52 €
101-300 km	310,00 €	290,00 €		270,00€
Prezo en km. Para máis de 300 km.				
medio día	0,64 €/km	-----		0,64 €/km
un día	0,98 €/km	-----		0,98 €/km
% FLOTA VEHÍCULOS CON CINTURÓNS DE SEGURIDADE		100 %		
IDADE MEDIA DA FLOTA		Menos de 1 ano.		1 – menos de 2

E a Mesa de Contratación á vista do acontecido coa apertura da oferta presentada pola empresa "Autocares Luis Raposo, S.L." acorda, por unanimidade dos asistentes, que se lle remita un escrito á Plataforma de Contratación do Sector Público informándoos desta circunstancia e para que nos indiquen o que implica estas mensaxes e se as causas polas que non se pode abrir son motivadas por un problema técnico da Plataforma ou por un erro do licitador.

Neste intre, sendo as 13: 45 horas, a Mesa decide suspender este acto ata ter información abondo para poder tomar unha decisión ao respecto desta situación.





CONCELLO DE OLEIROS

Sendo as 12:45 horas do día 29 de abril de 2019 reanúdase esta Mesa para os efectos de continuar co acto de apertura de ofertas e, se procede, a súa valoración.

Así, por min, Secretario da Mesa, doulle conta á Mesa das actuacións levadas a cabo para aclarar a situación da oferta presentada por “Autocares Luis Raposo, S.L.”:

O día 24 de abril do 2019 remitíuselle correo electrónico á Plataforma de Contratación do Sector Público (en adiante PLACSP) consultandolles a incidencia xurdida coa oferta presentada por esta empresa.

O mesmo día 24 de abril, a PLACSP contestou informándonos que esta mensaxe indica que o programa Adobe Acrobat Reader non pode abrir o documento para a súa visualización porque o formato orixinal do ficheiro non é “.pdf” e que o dano prodúcese no equipo local do licitador.

En calquera caso, a ferramenta do PLACSP mostra unha mensaxe de advertencia ao licitador cando sobre ou cando asina electronicamente un documento cunha extensión que non coincide coa orixinal, o que serve para advertir do problema de corrupción de ficheiro que se experimenta na Mesa. Esta mensaxe queda rexistrada no log ou ficheiro de trazas de preparación da oferta que se garda no equipo local do licitador.

Ao tratarse da oferta económica, o PLACSP recoméndanos solicitar o log que reside no equipo local do licitador.

Deste xeito, o día 25 de abril, remitímoslle correo electrónico a “Autocares Luis Raposo, S.L.” para que, no prazo máximo de un día hábil, nos remitiran o contido da carpeta LOGS que reside no seu equipo local e que se sitúa no directorio de traballo: C:\\users\\nombre usuarios\\.elic\\identificador de la licitación.

Transcorrido o prazo concedido, a empresa remítenos, non o contido da carpeta LOGS, como se lle pedía, senón un arquivo en “.pdf” co novo documento “oferta económica”

Xa que logo, á vista de que “Autocares Luis Raposo, S.L.” non aportou o que se lle pedía, e que a Mesa de Contratación non pode comprobar se presentou a oferta nun formato erróneo que impide a súa apertura, aínda que todo apunta a que foi así, porque non existiu ningunha anomalía na PLACSP, co cal todo fai supoñer que foi un erro do licitador á hora de subir a oferta; por unanimidade dos asistentes acorda:

**) Excluir desta licitación a oferta presentada por “Autocares Luis Raposo, S.L.” ao presentar a súa oferta nun formato erróneo que impide a súa apertura.*

A continuación, a documentación presentada polos licitadores admitidos é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación.

Unha vez avaliada polo equipo técnico, este valorou as ofertas admitidas de acordo cos criterios do PCAP do seguinte xeito:





**CONCELLO DE
OLEIROS**

SOBRE Nº 3 VALORACIÓN CRITERIOS OBXECTIVOS		ANTONIO VÁZQUEZ	CAL PITA SIGRÁS-CARRAL IRUBUS U.T.E.
obxecto	Prezo unitario máximo de licitación (IVA excluído)	Prezo unitario ofertado (IVE excluído)	Prezo unitario ofertado (IVE excluído)
Servizos grupo I			
grupo I	86,43 €	2,00.-	5,00.-
servizos grupo II			
a. Medio día, ata 5 horas			
0-50 km	120,89 €	10,00.-	10,00.-
51-100 km	141,22 €	10,00.-	10,00.-
101-200 km	181,88 €	5,00.-	5,00.-
201-300 km	210,00 €	1,00.-	1,00.-
b. Un día, de 5 a 13 horas			
0-50 km	263,18 €	5,00.-	5,00.-
51-100 km	283,52 €	10,00.-	10,00.-
101-300 km	310,00 €	6,00.-	12,00.-
% FLOTA VEHÍCULOS CON CINTURÓNS DE SEGURIDADE		15,00.-	15,00.-
IDADE MEDIA DA FLOTA		15,00.-	12,00.-
TOTAL		79,00.-	85,00.-

De acordo coa avaliación das propostas aportadas polos licitadores, a Mesa conclúe a seguinte lista ordenada de xeito decrecente de puntuación:

<u>SOBRE Nº 3</u>		
Nº DE ORDE	Licitador	Puntuación criterios
1	AUTOS CAL PITA, S.A. – AUTOMÓVILES SIGRAS-CARRAL, S.A. – IRUBUS, S.A.; U.T.E.	85,00.-





**CONCELLO DE
OLEIROS**

<u>SOBRE Nº 3</u>		
Nº DE ORDE	Licitador	Puntuación criterios
2	AUTOCARES ANTONIO VÁZQUEZ	79,00.-

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polos licitadores admitidos, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro e único.- Proponerlle, ao órgano de contratación a adjudicación do contrato de servizos denominado “TRANSPORTE DOS PARTICIPANTES E RESPONSABLES DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS EDUCATIVAS” á U.T.E. formada polas empresas “AUTOS CAL PITA, S.A. – AUTOMÓVILES SIGRAS-CARRAL, S.A. – IRUBUS, S.A.” polo importe de 24.246,24 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe do Presidente/a:

D./Dª. José Manuel Díaz García
SECRETARIO/A

D./Dª. Maria José Varela Neira
PRESIDENTE/A

